



Federación Galega  
de Caza



Xunta Electoral

**DON ANTONIO LÓPEZ IGLESIAS, en calidade de SECRETARIO DA XUNTA ELECTORAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, da que é Presidente Don Vicente Silva Meilán - - - - -**

## **CERTIFICA:**

Que na reunión de Xunta Electoral, celebrada o 30 de novembro de 2018, acordouse o seguinte:

**1º.-** Convocar aos membros da asemblea xeral da FGC, mediante escrito por correo postal, á sesión constitutiva que terá lugar o día 14 de decembro de 2018, ás 19 horas en primeira convocatoria e ás 19,30 horas en segunda convocatoria, coa arranxo á seguinte ORDE DO DÍA:

- 1º. CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL
- 2º. ELECCIÓN DO PRESIDENTE DA FGC
- 3º. ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FGC

Por problemas de aforo na sede federativa, **a asemblea terá lugar na Escola Galega de Administración Pública, sita na rúa Madrid nº 2 (Fontiñas), en Santiago de Compostela**

**2º.-** Designar a Mesa Electoral conforme ao previsto no Art. 28.2 do Decreto 16/2018, e Art. 9.III.b) do Regulamento Electoral, para a asemblea de eleccións a Presidente e Comisión Delegada da FGC, quedando conformada polos asembleístas que se citan a continuación, e proceder á súa convocatoria para o día 14 de decembro, ás 18,15 horas, na sede da FGC.

**TITULARES:** Don Francisco Viqueira Castro, Don César Tosar González, e Don Jaime González Penelas.

**SUPLENTES:** Don Manuel Marra Dabouza, Don Antonio del Rio Viqueira, e Don Juan Angel Alonso Pérez.

**3º.-** Publicar os acordos anteriores na páxina web da FGC e nos taboleiros de anuncios de todas as sedes federativas, así como dar traslado dos mesmos á Secretaría Xeral para o Deporte.

E para que conste, expiden a presente certificación en Santiago de Compostela, a trinta de novembro de dous mil dezaoito.

ve po  
O PRESIDENTE,

Asdo.: Vicente Silva Meilán



O SECRETARIO,

Asdo.: Antonio López Iglesias